

20/03/2024

A CIG non avala prorrogar o Acordo de Renda a cambio de nada!

Esgotar o tempo dunha posíbel negociación con calquera tipo de excusa - este ano é a falta de Orzamentos Xerais do Estado, o pasado era a falta dunha nova Lei de Función Pública...- e impoñer o seu criterio sen negociar nada. Tal ven sendo o proceder da Dirección da AEAT nos últimos tempos e o Acordo da Campaña de Renda non ía ser unha excepción.

Agarrándose a que o Acordo do pasado ano prevía unha prórroga neste, **a Dirección da AEAT propuxo unha prórroga na que tan só ofrece unha actualización dos módulos retributivos nos termos en que se incrementen as retribucións dos empregados públicos na Administración do Estado.** Algo que se vai producir si ou si no caso de concretarse o anuncio feito polo Ministro de Función Pública nas pasadas datas. É dicir, **propoñen prorrogar o Acordo, con todas as súas eivas e carencias, a cambio de nada e cunha suba mínima das retribucións que se vai producir por Lei e que non compensa a perda de poder adquisitivo do persoal ao servizo da Administración Pública nos últimos anos.**

Por estes motivos, **desde a CIG decidimos non avalar con oso apoio esta prórroga e exiximos a apertura dunha negociación completa do Acordo de Renda para os vindeiros anos,** para dar resposta ás necesidades do persoal que participa na campaña e mais para resolver as eivas que a campaña arrastra.

As demandas da CIG para o Acordo de Renda

Desde a CIG manifestamos o noso malestar pola teima que ten a AEAT en incidir na **videoasistencia para persoas maiores de 65 anos en municipios rurais, que o pasado ano, como amosaron os datos, foi un estrepitoso fracaso.** Cuestionamos que baixo esa pretendida extensión de servizos, en realidade **a AEAT está furtando á xente unha atención e un servizo de calidade, impedindo a atención presencial** con todo tipo de barreiras para as contribuíntes.

Advertimos, ademais, de que as oficinas galegas temos falta de persoal funcionario todo o ano para as funcións habituais, en campaña xa nos sobrecargan e non nos pagan a prod. Renda de Mellor desempeño, salvo en xuño, cando o traballo vese notablemente incrementado dende o inicio da campaña en abril.

Desde a CIG cuestionamos que os fixos discontinuos contratados cheguen o 15 de abril, supostamente cun contrato de igual duración que outros anos. Do mesmo xeito, **cuestionamos que se solape o período de reclamación dos mutualistas- aberto desde o vindeiro 20 de marzo- coa propia campaña de Renda,** o que obrigará a facer rendas do 2019 ao 2022 se non a teñen feita e posteriormente obrígalos a volver en xuño para facer presencialmente a renda deste exercicio. Entendemos que isto supón **molestias adicionais para a cidadanía e mais para o persoal da**

AEAT ao duplicar visitas e traballo, cando perfectamente se podía facer todo nunha única sesión, como propuxemos.

Como CIG demandamos que, dado que é obvio que a xente quere presentar as rendas presencialmente, que o modelo híbrido que ven defendendo nos últimos anos a dirección da AEAT debe garantir citas abondo tanto para o *Plan Le Llamamos* como para a atención presencial, e que os mecanismos para obter a cita deben **clarificar moi ben o tipo de cita que cada persoa está a solicitar para evitar as incidencias** detectadas na pasada campaña.

Cuestionamos que non sempre se faga en teletraballo, e que nin sequera se contemple facelo a distancia para quen “non ten dereito” ao teletraballo.

Ademais, demandamos que a **AEAT respecte a realidade lingüística de Galiza** e ofrezca e garanta toda a información sobre a campaña da renda aos contribuíntes tamén en galego.

CIG-Axencia Tributaria

Delegación AEAT A Coruña

[Administración Estatal - CIG Administración \(cigadmon.gal\)](#)

Ext:868 89 -Telf 981 61 68 89



@CIGAEAT

cigaeat@gmail.com

www.estado.cigadmon.gal